

ANEXO DOS INVESTIMENTOS DO EXERCICIO 2020

Aplicación orxamentaria	Denominación	Importe €	Recursos propios	Subvención/ Aportación
16611/60000	Investimentos en terreos. Expropiacións provinciais	80.000,00	80.000,00	0,00
45311/61901	Plano cooperación vías provinciais. Vías provinciais	1.500.000,00	1.500.000,00	0,00
45012/61902	Reparacións vías municipais. Cooperación provincial	200.000,00	200.000,00	0,00
45311/61903	Reparacións vías provinciais. Vías provinciais	1.300.000,00	1.300.000,00	0,00
16235/62200	Edificios e outras construcións. Unidade Provincial de xestión do lixo	25.000,00	25.000,00	0,00
45312/62200	Edif. e outras construcións. Parque móbil e maquinaria	50.000,00	50.000,00	0,00
17111/62200	Edif. e outras construcións. Parques xardíns e zonas verdes	127.500,00	127.500,00	0,00
16111/62300	Maquinaria, instalacións e ferramentas. Serv. de augas e medio ambiente	130.000,00	130.000,00	0,00
16201/62300	Maquinaria, instalacións e ferramentas. Cooperación concellos Xestión lixo	50.000,00	50.000,00	0,00
162.30/623.00	Maquinaria, instalacións e ferramentas. Puntos limpos+Carball+ Viana	38.000,00	38.000,00	0,00
16235/62300	Maquinaria, instalacións e ferramentas. Unidades xestión lixo	250.000,00	250.000,00	0,00
16911/62300	Maquinaria, instalacións e ferramentas. Rede provincial de recollida de animais	15.000,00	15.000,00	0,00



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE OURENSE

463



Aplicación orxamentaria	Denominación	Importe €	Recursos propios	Subvención/ Aportación
17111/62300	Maquinaria, instalacións e ferramentas. Parques, xardíns e zonas verdes	70.000,00	70.000,00	0,00
31311/62300	Maquinaria, instalacións e ferramentas. Prevención riscos	20.000,00	20.000,00	0,00
33414/62300	Maquinaria, instalacións e ferramentas. Museo Galego do Entroido	12.000,00	12.000,00	0,00
33418/62300	Maquinaria, instalacións e ferramentas. Centro cultural Marcos Valcarcel	15.000,00	15.000,00	0,00
33419/62300	Maquinaria, instalacións e ferramentas. Teatro principal	20.000,00	20.000,00	0,00
33421/62300	Maquinaria, instalacións e ferramentas. Fundación Insua dos Poetas	20.000,00	20.000,00	0,00
34211/62300	Maquinaria, instalacións e ferramentas. Pazo dos deportes	30.000,00	30.000,00	0,00
45311/62300	Maquinaria, instalacións e ferramentas. Vías e obras provinciais	30.000,00	30.000,00	0,00
45312/62300	Maquinaria, instalacións e ferramentas. Parque maquinaria	380.000,00	380.000,00	0,00
45313/62300	Maquinaria, instalacións e ferramentas. Parque fornecementos	20.000,00	20.000,00	0,00
92011/62300	Maquinaria, instalacións e ferramentas. Pazo provincial	24.000,00	24.000,00	0,00
92016/62300	Maquinaria, instalacións e ferramentas. Imprenta provincial	18.000,00	18.000,00	0,00
16235/62400	Elementos de transporte. Unidade provincial de xestión lixo	208.000,00	208.000,00	0,00
16911/62400	Elementos de transporte. Rede provincial de recollida de animais	10.000,00	10.000,00	0,00
45312/62400	Material de transporte. Parque Maquinaria	80.000,00	80.000,00	0,00

Aplicación orxamentaria	Denominación	Importe €	Recursos propios	Subvención/ Aportación
91211/62400	Material de transporte. Corporación provincial	30.000,00	30.000,00	0,00
16911/62500	Mobiliario e pertenzas. Rede provincial de recollida de animais	10.000,00	10.000,00	0,00
17111/62500	Mobiliario e pertenzas. Parques xardíns e zonas verdes	20.000,00	20.000,00	0,00
33411/62500	Mobiliario e pertenzas. Escola de gaitas	6.000,00	6.000,00	0,00
33418/62500	Mobiliario e pertenzas. Centro cultural Marcos Valcárcel	30.000,00	30.000,00	0,00
33419/62500	Mobiliario e pertenzas. Teatro principal	20.000,00	20.000,00	0,00
45311/62500	Mobiliario e pertenzas. Vías e obras provinciais	16.000,00	16.000,00	0,00
92011/62500	Mobiliario e pertenzas. Pazo provincial	70.000,00	70.000,00	0,00
33420/62501	Esculturas e pertenzas. Pazo provincial	50.000,00	50.000,00	0,00
33421/62501	Esculturas e pertenzas. F.Insua dos Poetas	30.000,00	30.000,00	0,00
92014/62600	Equipos para procesos de información. Administración electrónica	150.000,00	150.000,00	0,00
92016/62600	Equipos para procesos de información. Imprenta provincial	7.000,00	7.000,00	0,00
93211/62600	Equipos para procesos de información. Recadación municipal	2.000,00	2.000,00	0,00



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE OURENSE



Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe €	Recursos propios	Subvención/ Aportación
31331/62702	Plano Ourense Provincia termal. Termalismo	159.500,00	159.500,00	0,00
31331/62711	Proxecto fronteira esquecida. Promoción turística	222.180,00	55.545,00	166.635,00
43300/62712	Prox. Emprende Makers. Desenvolvemento empresarial	153.300,00	38.325,00	114.975,00
43300/62713	Prox. Nova TFE. Desenvolvemento empresarial	158.087,47	39.521,87	118.565,60
16111/63200	Edifícios e outras construcións. Augas e Medio Ambiente	250.000,00	250.000,00	0,00
16911/63200	Edifícios e outras construcións. Rede provincial de recollida de animais	100.000,00	100.000,00	0,00
33418/63200	Edifícios e outras construcións. Centro cultural Marcos Valcárcel	29.000,00	29.000,00	0,00
33419/63200	Edifícios e outras construcións. Teatro principal	20.000,00	20.000,00	0,00
33711/63200	Edifícios e outras construcións. Pazo de Vilamarín	19.841,55	19.841,55	0,00
34211/63200	Edifícios e outras construcións. Pazo dos deportes	20.000,00	20.000,00	0,00
41916/63200	Edifícios e outras construcións. Predio Armariz	10.000,00	10.000,00	0,00
45311/63200	Edifícios e outras construcións. Vías e obras provinciais	12.000,00	12.000,00	0,00
45312/63200	Edifícios e outras construcións. Parque móbil e maquinaria	38.000,00	38.000,00	0,00



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE OURENSE



Aplicación orxamentaria	Denominación	Importe €	Recursos propios	Subvención/ Aportación
45313/63200	Edifícios e outras construcións. Parque fornecementos	15.000,00	15.000,00	0,00
92011/63200	Edifícios e outras construcións. Pazo provincial	75.000,00	75.000,00	0,00
16111/64000	Investimentos de carácter inmaterial. Servizo de augas e medio ambiente	20.000,00	20.000,00	0,00
45311/64000	Investimentos de carácter inmaterial. Vías e obras provinciais	10.000,00	10.000,00	0,00
93211/64000	Investimentos de carácter inmaterial. Recadación municipal	11.000,00	11.000,00	0,00
31311/64100	Gastos en aplicación informática. Prevención Riscos Laborais	20.000,00	20.000,00	0,00
45012/64100	Creación Xeoportel. Cooperación provincial	22.000,00	22.000,00	0,00
91211/64100	Administración electrónica. Corporación provincial	125.000,00	125.000,00	0,00
92014/64100	Gastos en aplicacións informática. Administración electrónica	130.000,00	130.000,00	0,00
16611/65001	Plano de Cooperación (base). Planos provinciais	4.440.000,00	4.440.000,00	0,00
16611/65002	Plano proxectos. Planos provinciais	276.000,00	276.000,00	0,00
16611/65006	Diferenza IVE. Planos provinciais	5.000,00	5.000,00	0,00
16611/65008	Proxectos Novos FEDER. Planos provinciais	50.000,00	12.500,00	37.500,00

Aplicación orçamentaria	Denominación	Importe €	Recursos propios	Subvención/ Aportación
42511/65008	Proxecto IDAE. Os Blancos. Efic.enerx. e enerxias renova.	740.000,00	148.000,00	592.000,00
TOTAL INVESTIMENTO.....		<u>12.294.409,02</u>	<u>11.264.733,42</u>	<u>1.029.675,60</u>

FINANCIAMENTO

Recursos propios	11.264.733,42
Recursos afectados	1.029.675,60
TOTAL	<u>12.294.409,02</u>

Ourense, 11 de setembro de 2019

O PRESIDENTE,

José Manuel Baltar Blanco



INFORME

Área intervención

Nº ref.: 10/09/2019

(MLD)

Asunto: Informe económico financeiro en relación á aprobación do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2020

Mónica Legaspi Díaz, Interventora da Deputación Provincial de Ourense, en relación co proxecto de orzamento da entidade provincial para o exercicio do ano 2020 e ao amparo do disposto no art.168.1 e) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004 e 18.1 e) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, ten a ben emitir o seguinte informe:

Normativa aplicable:

Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL, en diante)

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL, en diante), modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que desenrola o capítulo I do Título VI do TRLRFL, en materia orzamentaria.

Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

Informe:

En base ao previsto no artigo 168.1 g) do citado RDL 2/2004, de 5 de marzo, e no art. 18.1 e) do Real Decreto 500/1990, deberá unirse ao expediente orzamentario “un informe económico – financeiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para



atender ao cumprimento das obrigas esixibles e dos gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.”

O importe do orzamento tanto no estado de gastos como no de ingresos ascende á cantidade total de **85.700.000,00 euros**.

1.- Bases empregadas para a avaliación dos ingresos

O estado de ingresos para o exercicio 2020, alcanza un importe global de 85.700.000,00 €.

O citado estado divídese nos seguintes capítulos:

CAPÍTULO	ANO 2020	ANO 2019
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	4.900.000,00 €	5.000.000,00 €
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	4.390.000,00 €	4.237.000,00 €
III.-TAXAS,PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	4.784.879,37 €	4.971.703,97 €
IV.-TRANSFERENCIAS CORRENTES	70.099.569,53 €	67.914.123,90 €
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	139.875,50 €	154.519,13 €
VI.-ALLEAMENTO INVERSIÓN REAIS	21.000,00 €	21.000,00 €
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.064.675,60 €	101.653,00 €
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00 €	300.000,00 €
IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00 €	0,00 €
TOTAL	85.700.000,00 €	82.700.000,00 €

Capítulo 1. Impostos directos

O único imposto provincial, a recarga no Imposto sobre Actividades Económicas (I.A.E), prevese polo mesmo importe que no exercicio 2019, de 2.350.000,00 euros.

O imposto sobre a renda das persoas físicas orzáméntase en 100.000 euros menos, cun importe de 2.350.000,00 euros.

Este capítulo alcanza un importe global de 4.900.0000 €, que representa unha porcentaxe do **5,72 %** sobre o total de ingresos de 85.700.000,00 €

Capítulo2. Impostos indirectos



O presente capítulo engloba unicamente as cesións do imposto sobre o IVE e sobre os impostos especiais do Estado: alcohol, cervexa, labores do tabaco, hidrocarburos e produtos intermedios.

O importe total representa un lixeiro incremento con respecto aos ingresos totais previstos para o exercicio 2019, importe baseado nos ingresos que se van realizando por parte do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas no exercicio 2019, sen ter en conta a liquidación final de tributos.

Os ingresos por este concepto representan o **5,12 %** do total do estado de ingresos do Orzamento da Deputación Provincial para o exercicio 2020 e un importe total de **4.390.000,00 euros**.

Capítulo 3. Taxas e outros ingresos

O presente capítulo engloba as distintas taxas, prezos públicos e outros ingresos a realizar durante o exercicio e o seu importe total é de **4.784.879,37 euros** que representa un **5,58 %** con respecto ao importe total dos ingresos.

Capítulo 4. Transferencias correntes

Este capítulo engloba os seguintes conceptos: Transferencias do Estado, das Comunidades Autónomas, das Entidades Locais e das Mancomunidades. O importe total consignado neste capítulo representa un **81,79 %** con respecto ao importe total de ingresos.

Estes ingresos seguen sendo o principal recurso da facenda provincial.

Capítulo 5. Ingresos patrimoniais.

Recolle os canons pola concesión da cafetería sita no pazo dos deportes, o aparcamento do hospital Santa María Nai, o produto do medio rural, os intereses das contas bancarias e outros de menor contía; a consignación realizada no ano 2020 é igual ca previsión do ano anterior. Significa o **0,16%** do orzamento total.



Capítulo 6. Alleamento dos investimentos reais.

Este capítulo permanece exactamente igual ao consignado no orzamento do exercicio 2019, representando o 0,02 % respecto ao orzamento total de ingresos.

Capítulo 7. Transferencias de Capital

Este capítulo recolle os seguintes conceptos: transferencias da Comunidade Autónoma, de Entidades locais, e da Unión Europea, cun total de 1.064.675,60 euros, e unha porcentaxe do 1,24% do total de ingresos. .

Capítulo 8. Activos Financeiros

Constituído polo reintegro dos anticipos realizados ao persoal, que non varía con respecto ao 2019 e acada un importe de 300.000,00 €, o 0,35% do total do orzamento.

Capítulo 9. Pasivos financeiros

Este capítulo non ten consignación orzamentaria.

2.- Suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles

O estado de gastos para o exercicio 2020, acada un importe global de 85.700.000,00 €.

O citado estado divídese nos seguintes capítulos:

CAPÍTULO	ANO 2020	ANO 2019
I.- GASTOS DE PERSOAL	34.086.299,30 €	32.158.320,74 €
II.- GASTOS BENS CORRENTES E SERVIZOS	20.433.588,99 €	19.696.923,99 €
III.- GASTOS FINANCEIROS	19.139,13 €	13.961,14 €
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	13.008.618,69 €	13.065.470,23 €
V.- FONDO DE CONTINXENCIA	10.000,00 €	10.000 €
VI.- INVESTIMENTOS REAIS	12.294.409,02 €	12.233.545,55 €
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	4.845.744,47 €	4.052.911,29 €
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00 €	300.000,00 €
IX.- PASIVOS FINANCEIROS	702.200,40 €	1.168.867,06 €
TOTAL	85.700.000,00 €	82.700.000,00 €



Capítulo 1. Gastos de persoal.

Neste capítulo, que ascende á cantidade de 34.086.299,30 euros, fanse as consignacións necesarias de acordo coa Relación de Postos de Traballo (RPT). Contémplase unha subida das retribucións dos empregados públicos nun 2,6 %, segundo o II Acordo para a mellora do emprego público e as condicións do traballo, asinado polo Goberno de España e as organización sindicais CCOO, UGT, e CSIF. O Acordo establece un marco plurianual que se estende entre os anos 2018 ao 2020, no que se prevé un incremento salarial fixo, máis unha porcentaxe adicional do incremento ligado ao crecemento da economía, que deberán recoller as sucesivas Leis de Orzamentos Xerais do Estado á espera da aprobación dos orzamentos xerais do estado para o exercicio 2019.

Representa, con respecto ao total do estado de gastos, un 38,89 %.

Capítulo 2. Gastos en Bens correntes e servizos.

Neste capítulo prodúcese un pequeno incremento respecto ao ano anterior como consecuencia de pequenos axustes no custo dos servizos para unha mais axeitada orzamentación dos mesmos.

A porcentaxe que representa este capítulo con respecto ao total de gastos é do 23,84 %.

Capítulo 3 e 9. Gastos financeiros e pasivos financeiros.

Englobanse os gastos de intereses e amortización, respectivamente, das operacións de crédito vixentes. Os gastos consignados recollen a anualidade prevista para o exercicio 2020 do único préstamo pendente así como os intereses correspondentes.

O importe consignado no capítulo 3 para o exercicio 2020 é de 19.139,13 € que representa un 0,02 % sobre o total de gastos. A diminución que experimenta este capítulo é debido fundamentalmente a:

- Que o importe dos xuros para a operación de endebedamento a longo prazo está referenciada ao EURIBOR
- Remate da amortización de todas as operacións excepto dunha.

O importe consignado no capítulo 9 para o exercicio 2020 é de 702.200,40 €, que representa un 0,82 % do orzamento total de gastos.



Capítulo 4 e 7. Transferencias correntes e transferencias de capital

Destinados a recoller as transferencias correntes que se dedicarán ao financiamento de diferentes áreas: educación, cultura, deportes, servizos sociais, etc., así como tamén o importe de subvención destinada aos grupos políticos.

O importe consignado nestes capítulos representa un 15,18 % e un 5,65 % respectivamente con respecto ao total.

O capítulo 4 mantén orzamentadas as liñas de concurrencia de subvencións como son as destinadas aos concellos para fomento de emprego, para o plan de mocidade, as transferencias aos Concellos para os GES, así como a inclusión no orzamento inicial de varias subvencións nominativas a concellos e a entidades sen fins de lucro.

O capítulo 7 importa 4.845.744,47 euros, segundo as subvencións nominativas que se inclúen nas bases de execución, como cooperación provincial.

Capítulo 5. Fondo de continxencia

A Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, crea o capítulo 5, cun único artigo e concepto, para imputar ao orzamento de gastos a dotación diferenciada en concepto de Fondo de Continxencia, esixida polo artigo 31 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira. Este crédito destinarase á atención de necesidades imprevistas, inaprazables e non discrecionais, para as que non exista crédito orzamentario ou o previsto resulte insuficiente.

Capítulo 6. Investimentos reais

Neste capítulo figura o investimento de xestión directa pola Deputación, principalmente o de plans e proxectos provinciais. O seu detalle regúlase no Anexo de investimentos. O importe global é de 12.294.409,02 euros, o 14,35% do total do orzamento.

Capítulo 8. Activos financeiros.



Recolle os anticipos concedidos ao persoal a curto prazo, que se mantén no mesmo importe que no exercicio 2019.

O importe consignado para o exercicio 2020 é de 300.000,00 €.

O estado de gastos do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Ourense para 2020 contén os créditos suficientes para atender ao cumprimento das obrigas esixibles así como os gastos de funcionamento dos servizos provinciais. A estes gastos pode facerse fronte coas previsións incluídas no estado de ingresos conforme ao disposto no artigo 168.1 e) do TRLRFL

Ourense, 11 de setembro de 2019

A INTERVENTORA

Mónica Legaspi Díaz

MONICA LEGASPI
DIAZ - 33326127R

Firmado digitalmente por
MONICA LEGASPI DIAZ -
33326127R
Fecha: 2019.09.11 14:18:07
+02'00'